

H. G. WELLS

Dos días do porvir

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

1. A CURA PARA O AMOR

O xenial señor Morris, inglés de nacemento, viviu na época da boa raíña Vitoria. Era un home próspero e razoable; lía *The Times* e acudía adoito á igrexa. Consonte maduraba, a súa expresión foi reflectindo un sereno e contido desdén por todo o que non era coma el. O señor Morris era unha desas persoas que fan sempre o correcto, o apropiado e o sensato. Non había ocasión na que non vestise coas roupas pertinentes, nun perfecto equilibrio entre a elegancia e o aspecto casual; era colaborador asiduo nos actos benéficos que o merecían, sabía conciliar vistosidade e ostentación, e levaba os cabelos sempre cortados coa mesma axeitada longura.

Todo canto se supuña que un home do seu rango e posición debía posuír, posuíao; e todo canto se supuña que un home do seu rango e posición non debía posuír, non o posuíu.

Entre esas posesións esperables do señor Morris contábanse a súa dona e mais os seus pícaros. Como é natural, a esposa daba o perfil adecuado, como tamén o número de fillos; nada que desentoase nese sentido, até onde o señor Morris sabía. Os membros da súa familia ían vestidos con corrección: sen caprichos, sen miramentos nin re-

quilorios de ningunha clase, só como debían ir, e residían nunha vivenda razoable e acolledora de feitura vitoriana tardía, ao estilo raíña Ana, cun encofrado de madeira e fastixios de xeso de cor chocolate, papel de parede Lincrusta Walton¹ sobre os falsos paneis de carballo, chan de terracota que imitaba a pedra e mais unha vidreira catedralicia na porta de acceso principal.

Os seus fillos foron educados en bos e reputados colexios, onde os instruíron e encarreiraron cara ás máis respectables profesións; as súas fillas, no canto de se deixar engaiolar con fantasías, casaron todas elas con mozos revellidos de boas e estables posicións e magníficas perspectivas. E cando o señor Morris xulgou que o máis digno que podía facer era morrer, morreu. A súa lápida foi de mármore e, malia que carente de adobíos ou dun epitafio laudatorio, resultaba imponente..., pois era o que daquela se estilaba.

Experimentou algúns cambios, de acordo cos usos e costumes da época, e moito tempo antes de que dea comezo esta historia os seus ósos xa se tornaran en po e en materia celestial. E os seus fillos e os seus netos e os seus bisnetos e os seus tataranetos, tamén eles, deran en po e cinzas, así como en materia celestial. Aquilo era algo que el non puidera imaxinar: que chegaría un día no que os restos dos seus tataratataranetos serían

¹Lincrusta é a denominación comercial dun tipo de revestimento decorativo de finais do século XIX. O seu nome é unha referencia explícita á «incrustación de liño» (unión das formas latinas «linum» e «custra»). Trátase dun material moi semellante ao linóleo; o inventor e produtor de ambos os dous foi o inglés Frederick Walton (Halifax, 1834-Niza, 1928). O linóleo patentárase en 1860, mentres que o lincrusta data de 1877. Este último foi axiña moi demandado para a decoración de paredes en casas nobres británicas así como para o interior dos vagóns ferroviarios. Cabe sinalar como curiosidade que o Carnegie Hall de Nova York ou o Café Royal de Londres están parcialmente decorados con paneis de lincrusta.

